

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL
CURSO: 3.º ESO
MATERIA: Educación Plástica, Visual e Audiovisual
DEPARTAMENTO: ARTES PLÁSTICAS
DATA: 11/5/2020

CONTIDOS

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Coñecer e aplicar os métodos creativos gráfico-plásticos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.	EPVAB1.1.1. Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais.
B1.3. Debuxar con distintos niveis de iconicidade da imaxe.	EPVAB1.3.1. Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquejos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.
B1.4. Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento.	EPVAB1.4.3. Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor .
B1.5. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor.	EPVAB1.5.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas. EPVAB1.5.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.
B2.2. Recoñecer as leis visuais da Gestalt que posibilitan as ilusións ópticas e aplicar estas leis na elaboración de obras propias.	EPVAB2.2.2. Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt.
B2.5. Describir, analizar e interpretar unha imaxe, distinguindo os seus aspectos denotativo e connotativo.	EPVAB2.5.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos.
B3.3. Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado.	EPVAB3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.
B3.4. Comprender as condicións dos centros e as rectas tanxentes en distintos casos de tanxencia e enlaces.	EPVAB3.4.1. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas. EPVAB3.4.2. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.
B3.5. Comprender a construción do óvalo e do ovoide básicos, aplicando as propiedades das tanxencias entre circunferencias.	EPVAB3.5.1. Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>O procedemento para a avaliación do terceiro trimestre será mediante a cualificación de tarefas realizadas polo alumnado e entregadas a distancia por medios telemáticos. As tarefas cualificaranse cun máximo de 10 puntos. A cualificación do trimestre obterase facendo a media das cualificacións das tarefas. As entregas de tarefas flexibilizaranse e adaptaranse para favorecer en todo o posible ao alumnado.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>A avaliación do terceiro trimestre farase mediante tarefas realizadas a través da aula virtual. Estas tarefas aportan o 100% da cualificación do trimestre. Facilitaranse diferentes vías de comunicación (aula virtual, correo electrónico) para garantir que todo o alumnado pode entregar as tarefas.</p>
Cualificación final	<p>Procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria:</p> <p>-Alumnado que teña a 1.^a e a 2.^a avaliacións aprobadas, ou unha delas:</p> <p>Para a cualificación final na avaliación ordinaria, terase primeiro en conta a media aritmética da primeira e segunda avaliacións.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Se a cualificación na terceira avaliación é superior a esa media, a cualificación final será o resultado de facer a media das tres avaliacións. Neste suposto, se o resultado fose inferior ao 5, redondearase ao 5. • Se é inferior, a cualificación final será o resultado de facer a media das dúas primeiras avaliacións. <p>-Alumnado que non teña ningunha avaliación aprobada:</p> <p>No caso de non ter aprobada ningunha das dúas primeiras avaliacións, se o alumno ou alumna, despois de seguir o plan de reforzo e recuperación, obtén na terceira avaliación unha cualificación igual ou superior a 5, darase a materia por superada na avaliación ordinaria. En caso contrario, o alumno ou alumna deberá presentarse a unha proba en setembro.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Na avaliación de setembro, a cualificación obterase mediante dous instrumentos: unha serie de traballos a realizar polo alumnado durante os meses de verán, que se entregarán resoltos o día da proba extraordinaria, e que proporcionarán o 50% da nota, e unha proba a realizar na aula, sobre os contidos mínimos previstos nesta programación, que proporcionará o 50% restante da nota.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Non hai alumnado coa materia pendente</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Centraranse as actividades lectivas do terceiro trimestre nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que deberían desenvolver os alumnos e as alumnas. Faranse actividades de repaso e reforzo e, no seu caso, de ampliación, sobre a base dos criterios e estándares imprescindibles sinalados no apartado 1.
Metodoloxía	Enviaranse contidos e tarefas mediante a aula virtual e notificarase na páxina web do centro. O alumnado que non aprobou ningunha avaliación forma parte dun grupo de recuperación, con actividades específicas, tamén na aula virtual.
Materiais e recursos	Contidos dixitais na aula virtual do centro

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A través da aula virtual e correo electrónico.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.